Alargando os límites: Johannes Kabatek na lingüística galega

Xosé Luís Regueira
xoseluis.regueira@usc.es
Instituto da Lingua Galega – Universidade de Santiago de Compostela (España)

Abstract: *In this article, a historiographical revision of the works by Johannes Kabatek is undertaken. The focus is the Galician language, a field in which he has published extensively and to which he continues to devote constant attention.*

Based on the analysis of the main themes and the methods employed, the lines of continuity followed by his research are highlighted in order to demonstrate that some of the fundamental concepts of his work as a researcher emerge from and are developed on the basis of his first studies addressing Galician. The study of the process of standardisation and internal variation in contemporary Galician has therefore led to further research on the internal dynamics of languages, contact between languages and between varieties, and above all on the importance of the role of speakers as agents of linguistic dynamics, and on how they bring into play their metalinguistic ideologies, judgements and evaluations.

Kabatek´s work on Galician has contributed to his development of theoretical linguistics and to the refinement and clarification of sociolinguistic concepts. In this way, in addition to contributing to the development of Galician linguistics with innovative studies and methods, he has also made an important contribution to Romance sociolinguistics and general linguistics.

Keywords: *historiography, Galician linguistics, language variation and change, sociolinguistics.*

1. Introdución

Cando en setembro de 1988 o Instituto da Lingua Galega puxo en marcha o primeiro curso de verán de lingua e cultura galegas para alumnado procedente de fóra de Galicia, Johannes Kabatek foi un dos alumnos que acudiron á chamada, enviado por Eugenio Coseriu, que daquela era o seu profesor na universidade de Tübingen. Dentro do exixente currículo da universidade alemá, Kabatek estaba a aprender portugués e catalán, ademais das consabidas grandes linguas románicas, e, como menciona Eugenio Coseriu na súa carta de presentación, o estudo do galego permitiríalle "élargir ses connaissances dans le domain hispanique". Nun primeiro

BDD-A26266 © 2017 Editura Universităţii din Suceava
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.42 (2026-11-15 20:51:24 UTC)

momento eses eran seguramente os seus obxectivos. Mais a partir daquel contacto, da continuación da aprendizaxe en anos sucesivos e da descuberta do mundo relacionado coa lingua galega, a carreira académica de Johannes Kabatek, e mesmo a súa vida persoal, quedaría fortemente ligada a Galicia, á súa cultura e á súa lingua.

Foi así que o seu traballo de graduación (*Magisterarbeit*) foi realizado sobre un tema de lingüística galega, como tamén o foi a súa tese de doutoramento, así como numerosos traballos de investigación posteriores. Desde aqueles anos ata o momento presente a súa produción relativa á lingua galega foi incesante; a pesar de que as obrigas académicas e os intereses científicos tamén o levaron por outros terreos e outras linguas, nunca perdeu de vista a lingua galega, e a súa participación en eventos, publicacións e actividades relacionadas coa lingua e a cultura galegas é constante desde entón.

Neste traballo, máis alá de ofrecerlle unha merecida homenaxe a un profesor que hoxe é unha figura insigne da romanística e da lingüística europea, pretendo facer unha análise da súa produción lingüística referida á lingua galega, sen ánimo de exhaustividade. Centrareime sobre todo nos traballos de investigación, deixando en segundo plano traballos de divulgación e doutro tipo. A partir deles, tratarei de sacar á luz as liñas de continuidade que subxacen na súa investigación, así como de mostrar que as liñas trazadas desde eses primeiros traballos configuran en gran medida as vías de traballo e de desenvolvemento teórico mantidas ao longo de toda a súa carreira investigadora. Eses estudos supuxeron unha innovación para a lingüística galega, mais tamén e sobre todo para a lingüística románica e para a sociolingüística xeral.

Hai uns anos Steven Dworking convocou un panel de romanistas a contestar a provocadora pregunta: "Historical Romance Linguistics: the death of a discipline?" (Dworking 2003). Obedecía esta convocatoria á sensación de que a Lingüística Románica, como disciplina histórica, estaba en crise. Johannes Kabatek, na súa resposta (Kabatek 2003a), destaca a importancia desta disciplina para estudar as linguas e as culturas neolatinas, desde unha concepción renovada do cambio lingüístico e da lingüística histórica, que non se ocupa só das linguas entendidas como sistemas, senón que permite unha comprensión nova do cambio lingüístico. Kabatek en que a lingüística histórica encontrará novos rumbos grazas ao estudo das tradicións discursivas, e sobre todo por medio da recontextualización e da revitalización dos textos, que por tanto xa non son entendidos como letra morta, senón que se estudan integrados no seu contexto histórico e cultural. As mudanzas das linguas poden comprenderse, así, dentro da sociedade e da cultura do seu tempo.

Neste traballo pretendo mostrar que nos seus traballos sobre lingüística galega, Kabatek estaba xa trazando camiños innovadores na sociolingüística, e que eses camiños, combinados cos que posteriormente seguiu nas investigacións desde a perspectiva histórica, poñen de relevo o valor da lingüística románica e a importancia da lingüística histórica para entender tamén as situacións das linguas na sociedade actual.

BDD-A26266 © 2017 Editura Universităţii din Suceava
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.42 (2026-11-15 20:51:24 UTC)

2. Antecedentes: a lingüística galega en Alemaña

O interese dos romanistas alemáns pola lingua galega vén xa de lonxe, e os primeiros traballos remóntanse aos primeiros anos do século XX (Regueira 1991). No período anterior á II Guerra Mundial son especialmente relevantes os traballos de Fritz Krüger, quen explorou en diferentes investigacións a fronteira entre o galego e o asturleonés (p.e. Krüger 1925) e dedicoulle atención ao léxico galego (Krüger 1927). Ademais, enviou tres discípulos a realizar as súas teses de doutoramento sobre tres lugares periféricos (e por tanto presumiblemente máis conservadores) do territorio galego. Dous deles levaron a cabo traballos coa metodoloxía coñecida como Wörter und Sachen (Palabras e Cousas): Walter Ebeling sobre os aveños de comarcas orientais da provincia de Lugo (Ebeling 1932) e W. Schroeder sobre as barcas de pesca de Fisterra (Schroeder 1937). O terceiro deles, Hans-Karl Schneider realizou a primeira descrición lingüística sistemática dunha variedade de lingua galega, escollendo a comarca da Limia Baixa (provincia de Ourense), na raia con Portugal (Schneider 1938). Estes traballos pioneiros foron durante moitos anos as mellores investigacións lingüísticas realizadas sobre lingua galega.

Nas décadas posteriores á II Guerra os romanistas alemáns tamén se ocuparon da lingua galega, aínda que agora cun cambio de perspectiva, xa que a atención centrouse na lingüística histórica e na etimoloxía. Neses terreos as figuras de Harri Meier e de Joseph-Maria Piel destacan sobranceiramente. Meier dedicou numerosos traballos á historia da lingua e á etimoloxía galega (e tamén portuguesa e hispánica) (p.e. Meier 1977, 1982). Joseph Piel é igualmente autor dun gran número de traballos de etimoloxía galego-portuguesa e galega en particular (p.e. Piel 1953), e sobre todo de onomástica (p.e. Piel 1971, 1984). Este lingüista foi quen acuñou o concepto de "Gallaecia Magna" para referirse ao territorio da Galicia actual, do norte de Portugal e da franxa occidental de Asturias, definida por "uma individualidade lexical inconfundível em comparação com os territórios espanhóis e portugueses situados a leste e sul da área assim sumariamente circunscrita" (Piel 1976: 55).

A situación que se vai configurando en España tras a morte do ditador Franco en 1975, co recoñecemento do galego, o vasco, o catalán como linguas oficiais nos seus territorios e coa posta en marcha de procesos de "normalización" social das linguas (vid. Castillo-Lluch & Kabatek 2006), atraeu a atención dun certo número de romanistas alemáns. Agora van ser sobre todo as cuestións sociolingüísticas ou as relacionadas coa situación histórica e social das linguas as que se van situar no centro de atención, especialmente dos estudos que se realizan desde universidades da que daquela era República Democrática Alemá. Por citar só os máis relevantes, podemos mencionar o libro de Ulf Herrmann (1990), baseado na súa tese de habilitación presentada uns anos antes, así como algúns artigos de Klaus Bochmann sobre a estandarización da lingua galega (p.e. Bochmann 1983). Nestas publicacións descríbese a situación sociolingüística do galego e analízase o proceso de normalización social posto en marcha nos anos 1980, con especial

BDD-A26266 © 2017 Editura Universităţii din Suceava
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.42 (2026-11-15 20:51:24 UTC)

atención á estandarización, sen deixar de sinalar as insuficiencias e debilidades do proceso que se está a desenvolver en Galicia.

Unha liña semellante foi seguida na República Federal Alemá, en traballos coma a tese de doutoramento de Ursula Esser (1990). Esser estuda a constitución do galego como lingua de cultura a partir do séc. XIX e analiza en que medida cumpre ese papel nos últimos anos da década de 1980, sinalando os avances constatables mais tamén que a planificación lingüística non resulta tan efectiva como podería esperarse polas condicións de partida (p. 168), para concluír que, aínda que deixou atrás o seu "Dialektcharakter", aínda non chegou a romper a situación de diglosia que o coloca nunha posición subordinada respecto do español.

Naquela década tamén Eugenio Coseriu se achegou á situación lingüística do galego, en particular cun traballo (Coseriu 1987) en que revisa a formación e a historia do galego-portugués para centrarse posteriormente na situación sociolingüística de Galicia e nos problemas do galego para a súa extensión social. Naqueles anos comezan a realizarse tamén algúns traballos académicos (*Magisterarbeiten*) sobre a situación do galego en diferentes universidades alemás. E é nese contexto en que Johannes Kabatek chega a Santiago de Compostela e entra en contacto co galego.

3. A estandarización do galego e o contacto co español: o problema das tradicións discursivas

A produción de Kabatek sobre a lingua galega comeza xa na parte final dos seus estudos na Universidade de Tübingen, onde presentou, en xuño de 1991, o seu Magisterarbeit, ou traballo de graduación, co título *Gemeinsprache und Standard in Galicischen* (Lingua común e estándar en galego), dirixida por Eugenio Coseriu (Kabatek 1991a). Neste traballo académico mostra un coñecemento tanto directo coma bibliográfico da situación sociolingüística galega moi superior aos traballos que se viñan producindo nas universidades alemás naquela época. A análise do proceso de constitución da lingua estándar, das discusións en curso naquel momento e dos riscos que se presentaban daquela, aínda hoxe poden sosterse. Así resulta fundamental a idea de que "[e]ine gemeinsprachliche Norm umfaßt aber nicht nur das System, sondern auch Norm gewordene Traditionen des Sprechens" (p. 125), e esas tradicións, que aínda existen só de maneira parcial, deberán ser creadas e desenvolvidas en cada ámbito en que se utilice a lingua galega. Como nota Kabatek, o galego utilizado nas situacións de formalidade esta impregnado de formas castelás, co risco de que esas formas híbridas de lingua se convertan en "Tradition" (ibid.). Como se ve, xa se introducen na análise conceptos, coma o de "Traditionen des Sprechens", que eran innovacións da romanística alemá que se estaban a desenvolver no ambiente científico en que el se estaba a formar como investigador.

A cuestión do contacto co español é, por tanto, un tema relevante na deriva do galego, e vai ser o centro do primeiro artigo que publica de maneira simultánea ao Magisterarbeit, nun dos primeiros números da revista *Cadernos de Lingua,* da Real Academia Galega (Kabatek 1991b). Neste traballo, baseado na observación da

BDD-A26266 © 2017 Editura Universităţii din Suceava
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.42 (2026-11-15 20:51:24 UTC)

lingua formal utilizada no Parlamento de Galicia e nos medios de comunicación falados, detecta unha serie de "interferencias" da lingua española, e sinala o que resulta ser o problema fundamental do galego no proceso de normalización (aplicable a outras linguas nunha situación similar): "a *creación de realizacións concretas* dentro do sistema do *galego estándar,* de *normas* históricas propias" (p. 47). A creación dun *sistema estándar* non abonda, debido a que a ausencia de tradicións discursivas en moitos ámbitos que anteriormente estaban ocupados exclusivamente polo español pode levar ben a que se adapten as formas lingüísticas e discursivas do español ou ben a que se creen tradicións baseadas na lingua tradicional (co problema de que poden ser non recoñecidas por todas as persoas e sobre todo o seu baixo prestixio social): "o resultado da primeira posibilidade é unha lingua hibrida con pouca esperanza de supervivencia. O resultado da segunda posibilidade é unha lingua con identidade propia, coa consecuente perspectiva de aceptaci6n igualitaria fronte as outras linguas románicas". Nese espazo público é, como atinadamente sinala Kabatek, onde o galego está a dirimir o seu futuro.

Nos anos seguintes, mentres realizaba as investigacións para a súa tese de doutoramento, continuou a publicar traballos que, en certa medida, estaban relacionados co tema do seu Magisterarbeit. Un par deles (Kabatek 1992a, 1993) están dedicados á figura do príncipe Louis Lucien Bonaparte, que promoveu a tradución de textos bíblicos a diferentes linguas, con afán comparativo, a partir de mediados do séc. XIX. El foi o responsable de que en 1861 se publicase en Londres a tradución galega do Evanxeo de San Mateo, no que foi o primeiro libro completo editado en galego, dous anos antes de que se publicase o primeiro libro de Rosalía de Castro, *Cantares gallegos,* que é considerado como o punto de arranque do Rexurdimento literario. A pesar da importancia desa tradución, tanto a figura de Bonaparte coma ese texto eran case totalmente descoñecidas en Galicia. Nestes artigos, Kabatek destaca o papel sobranceiro da figura de Bonaparte, non só por publicar o primeiro libro completo escrito en galego, senón tamén polos detallados coñecementos que, no establecemento dos criterios lingüísticos e nas súas discusións sobre a lingua, demostra ter sobre o galego, sen estar nunca fisicamente en Galicia e nun momento en que a información dispoñible sobre a lingua era moi escasa e fragmentaria. Kabatek (1992a: 19) destaca que Bonaparte "xa tiña unha idea moi clara do que podería se-lo galego escrito. Os seus criterios de ortografía e de corrección idiomática […] sorprenden á vista dos criterios actuais, semellantes en moitos puntos". Estuda as súas observacións sobre fonética galega, o seu coñecemento e criterio no establecemento do galego escrito, moi avanzados respecto do que se estaba a facer en Galicia naquel tempo.

Outra cuestión tratada no traballo académico de 1991 é o debate normativo que se vivía naquel momento en Galicia, e que recolle e reelabora nun artigo publicado en *Lusorama* (Kabatek 1992b). Nel describe as alternativas existentes, a reintegracionista e a autonomista, e sinala as vantaxes e consecuencias de cada escolla. Aínda que en si mesmas resultan "beide kohärent und realisierbar" (p. 78), só pode andarse un deses camiños, e a falta de unidade entre os defensores da

BDD-A26266 © 2017 Editura Universităţii din Suceava
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.42 (2026-11-15 20:51:24 UTC)

lingua pode resultar suicida, segundo conclúe (p.80). Esta análise resulta moi valiosa, por ser feita desde a posición de observador externo e por estar baseada en criterios sociolingüísticos a partir dun fondo coñecemento da realidade social da lingua galega. A cuestión da constitución da lingua escrita na segunda metade do séc. XX e o problema da constitución de tradicións lingüísticas nos diferentes ámbitos sociais, entre o modelo do español e o galego popular, coas diferentes tendencias e ideoloxías lingüísticas aí manifestadas, é o tema aínda doutro traballo publicado na revista *Grial* (Kabatek 1994a).

4. Variación, competencia e actitudes: os falantes como axentes do cambio lingüístico

A partir destes primeiros traballos, Kabatek desenvolve tamén outras liñas que van ser constantes nos seus estudos sobre galego: a variación interna da lingua e mais a competencia (lingüística, pragmática, sociolingüística e metalingüística) dos falantes. Un primeiro traballo sobre a competencia dos falantes e o seu uso do que poderiamos chamar "repertorios lingüísticos" na interacción publícase en *Cadernos de Lingua* (Kabatek 1994b), anunciando un tema que desenvolverá na súa tese de doutoramento. Dous anos máis tarde presenta no congreso internacional organizado polo Instituto da Lingua Galega *A lingua galega: historia e actualidade* un traballo sobre a variación diafásica no galego actual (publicado uns anos máis tarde, Kabatek 2004a). Nel estuda a reconfiguración que se produce nos repertorios lingüísticos dos falantes coa aparición e a extensión da lingua galega en contextos formais que antes estaban ocupados polo español, así como as características da "variedade culta" que aparece nos empregos formais. Con estas investigacións, Kabatek abre vieiros pouco transitados (incluso hoxe en día) na lingüística galega, que estivera centrada na variación diatópica e diacrónica e mais na elaboración do estándar lingüístico (no *sistema estándar*, utilizando a súa terminoloxía).

Estes estudos, innovadores, conteñen en si mesmos unha proposta, unha axenda de investigación sociolingüística, que fai explícita na súa intervención nunha mesa redonda no congreso arriba mencionado de 1996 (Kabatek 2004b). Nela sinala que a sociolingüística galega desenvolveu un gran número de traballos cuantitativos, baseados en enquisas que preguntan sobre o comportamento, as competencias e as opinións sobre a lingua (o *belief*), mais en cambio escasean os traballos sobre o comportamento (*behavior*) dos falantes (pp. 142-144). A seguir presenta unha serie de propostas que fan explícito un programa de investigación máis ambicioso para poder comprender cales son as dinámicas lingüísticas na sociedade galega: estudar o comportamento dos falantes, o emprego que fan das linguas, "estudiar onde o galego é en realidade lingua B e onde e lingua A" (p. 146), estudar a variación e a interacción lingüística en diferentes espazos sociais, evitando entender "galego" e "castelán" como obxectos monolíticos. Lamentablemente, este programa aínda hoxe está moi pouco desenvolvido, e son escasos os traballos realizados neste sentido.

BDD-A26266 © 2017 Editura Universităţii din Suceava
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.42 (2026-11-15 20:51:24 UTC)

Estas propostas están realizadas desde a concepción da variación lingüística que se atopa na obra de Coseriu e tamén nos desenvolvementos que naqueles anos están a realizar romanistas coma Peter Koch e Ulf Oesterreicher (p.e. Koch & Oesterreicher 1985), pero Kabatek lévaos ao nivel micro, á acción dos falantes na interacción, onde poñen en xogo as súas competencias, crenzas e actitudes nun xogo complexo e cambiante, nunha liña que está moi próxima ao que anos máis tarde Eckert chamará "terceira vaga da sociolingüística" (Eckert 2012), que pon o foco na axencia dos falantes na interacción.

Esta liña de traballo ten a súa expresión máis completa e fundamentada na súa tese de doutoramento, publicada co título *Die Sprecher als Linguisten: Interferenz- und Sprachwandelphänomene dargestellt am Galicischen der Gegenwart* (Kabatek 1996), e que foi traducida ao galego como *Os falantes como lingüistas: tradición, innovación e interferencias no galego actual* (Kabatek 2000a). Varios dos traballos realizados nos anos previos e, en particular, os presentados no congreso de Compostela (Kabatek 1994a, 1994b) están directamente relacionados coas investigacións levadas a cabo para o traballo de tese agora publicado. Neste libro parte da gravación de textos e de entrevistas con dous grupos de falantes que, pola súa formación e profesión (estudantes de filoloxía galega e xornalistas da radio e da televisión galegas), teñen coñecementos lingüísticos e necesitan utilizar a lingua estándar en situacións de formalidade. Na análise utiliza métodos tomados da lingüística variacionista da tradición laboviana, por primeira vez aplicados á variación en galego, pero vai máis alá e utiliza a entrevista en profundidade para desvelar as actitudes e valoracións sociais e lingüísticas dos suxeitos.

Así consegue encontrar correlacións significativas entre a biografía sociolingüística dos suxeitos falantes, as súas producións lingüísticas (especialmente as características fonéticas) e as actitudes cara ás formas da lingua estándar, así como as súas ideas metalingüísticas. Nun ambiente en que o contacto de linguas (galego e español) é intenso, o recurso a elementos da lingua española ("interferencias") na configuración deses rexistros é un elemento de grande relevancia. As persoas procedentes de ambientes sociais de fala española mostran interferencias na fonética e na gramática, mentres que no léxico mostran comportamentos diferencialistas ("interferencias negativas"); por contra, os suxeitos procedentes de ambientes en que se fala o galego tradicional presentan fundamentalmente préstamos léxicos do español, e en moitas ocasións senten eses "castelanismos" incrustados historicamente no galego como as súas formas propias e como signos de autenticidade lingüística. Neste traballo, Kabatek demostra de maneira convincente e innovadora como as actitudes dos falantes, as súas valoracións sociais e as súa identificación ou non con determinadas formas lingüísticas determina a escolla de recursos lingüísticos (fonéticos, gramaticais e léxicos), de maneira que as persoas son as que, dunha maneira máis ou menos consciente, están a modificar e a crear rexistros novos, especialmente naqueles ámbitos en que non existían tradicións discursivas consolidadas. Os falantes son axentes da innovación e do cambio lingüístico.

BDD-A26266 © 2017 Editura Universităţii din Suceava
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.42 (2026-11-15 20:51:24 UTC)

Traballos derivados destas investigacións, con maior ou menor grao de reelaboración, foron presentados en congresos internacionais (p.e. Kabatek 1997a, 1998a). Mais noutros traballos baseados en parte nestes materiais a súa análise vai máis alá e sérvelle para realizar propostas innovadoras en diferentes terreos. Mencionarei aquí só algúns deles.

O problema das interferencias entre sistemas lingüísticos, a súa tipoloxía e a utilización que as persoas fan deses recursos para diferentes finalidades foi tratado en dous traballos relevantes, un publicado na *Revista de Antropología Social* (Kabatek 1997b), a partir dos datos so seu corpus galego, e outro nun libro colectivo (Kabatek 1997c), no que establece unha tipoloxía das interferencias, con datos parcialmente baseados no galego. As interferencias en textos traducidos ao galego son tamén o obxecto doutro artigo publicado nestes anos (1998b).

Kabatek foi un dos primeiros investigadores en dedicarlles atención aos chamados "neofalantes", ou persoas de lingua española que nalgún momento da súa vida adoptan o galego como lingua habitual. Recentemente están a espertar o interese dalgúns sociolingüistas, mais nos anos 1990 non eran obxecto de estudo. Nun traballo dedicado á aprendizaxe de linguas (Kabatek 1998c) estuda o proceso de aprendizaxe e de integración das persoas do seu corpus que se encontran nesa situación, e sinala que o proceso seguido por eses suxeitos é semellante pero diferente ao da adquisición dunha lingua segunda, xa que en certos casos é concibido como a "recuperación da lingua propia". A cuestión dos "neofalantes" volverá a aparecer en diferentes traballos seus, incluído un capítulo de libro que actualmente se encontra no prelo (Kabatek, no prelo-a).

Uns anos despois publicou un artigo significativamente titulado "What Variational Linguistics can learn from Galician" (Kabatek 2003b), no que mostra que a investigación sobre a lingua galega pode ser de grande interese para o desenvolvemento da teoría lingüística en diferentes niveis e disciplinas. Para comezar, a situación do galego é de gran relevancia para a comprensión das linguas iberorromances e moi en particular para entender a variación no portugués, como un terceiro membro que se relaciona dunha maneira singular co portugués europeo e co brasileiro. Ademais, a situación sociolingüística, co intenso contacto co español, a creación de variedades híbridas e os grupos de "neofalantes", son elementos de primeiro interese para a sociolingüística variacionista. Desta maneira, a través de diferentes exemplos de como as persoas toman elementos de diferentes sistemas para configurar variedades en situacións diversas, Kabatek mostra que o galego pode enriquecer a teoría lingüística "not only by some contributing new empirical data and new 'generalities', but also by providing at least some steps towards an innovative theoretical framework for the description of linguistic variation" (p. 355).

Noutro traballo publicado en 2005, mais realizado uns anos antes (Kabatek 2005), sérvese do comportamento deses falantes, que interveñen ata certo punto de maneira consciente na súas propias seleccións lingüísticas, mediante reflexións metalingüísticas e poñendo en xogo as súas ideoloxías tanto manifestadas como

BDD-A26266 © 2017 Editura Universităţii din Suceava
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.42 (2026-11-15 20:51:24 UTC)

implícitas, para mostrar a inadecuación de teorías sobre o cambio lingüístico como a proposta de Rudi Keller (1994), expresada coa metáfora da "man invisible" (*unsichbare Hand*); conclúe que poida que non todas as mans sexan visibles, mais que a concepción do cambio lingüístico como algo que os falantes realizan de maneira absolutamente inconsciente non pode manterse: "Nicht jede wandelnde Hand wäre dadurch sichtbar zu machen, aber die Metapher könnte überflüssig werden, wenn eine Vorstellung von möglicher Sichtbarkeit entstünde" (Kabatek 2005: 172). Os cambios producidos polo proceso de koineización lingüística no galego e o papel activo das persoas falantes é tamén o centro doutro traballo publicado nun libro internacional (Kabatek 1997).

En todos estes casos, Kabatek elabora teoría lingüística e refina conceptos relacionados co contacto de linguas (en particular as "interferencias") e coa sociolingüística, destacando o papel dos falantes, e a importancia das súas percepcións, actitudes e ideoloxías. Ao mesmo tempo, sitúa o galego dentro dos debates teóricos da lingüística variacionista e da sociolingüística internacional. Nos anos seguintes diversos factores, tanto de tipo profesional coma de interese científico, levárono a atender de maneira prioritaria outros campos científicos e outras linguas, especialmente a investigación nas tradicións discursivas nas linguas románicas. Mais o galego, o cambio lingüístico e o papel dos falantes seguen a ser un dos seus centros de interese, como o mostra unha recente contribución de relevancia á teoría lingüística (Kabatek, no prelo-a), en que discute as nocións básicas do cambio lingüístico co foco posto sobre a situación da lingua galega.

Non me deteño agora noutros traballos dedicados a temas relacionados coa historia cultural da lingua galega, tanto en congresos e simposios internacionais como en diferentes publicacións, do que poderían servir como exemplo os dedicados a Manuel Amor Ruibal (Kabatek 2009) ou ás Irmandades da Fala (Kabatek, no prelo-b). Non obstante, merece mencionarse polo seu interese teórico a revisión crítica que efectúa aos modelos matemáticos aplicados ás dinámicas de substitución lingüística recentemente empregados para estudar situacións semellantes á que se vive en Galicia (Kabatek 2012).

Non corresponde tratar aquí, tanto por razón de espazo coma por desviarse do tema proposto, que se restrinxe á lingua galega, noutras contribucións de importancia de Kabatek á teoría lingüística e á lingüística románica (p. e. no ámbito das tradicións discursivas ou da relación entre oralidade e lingua escrita), que deberán ser obxecto doutros traballos diferentes.

6. O traballo de síntese, de divulgación e de difusión

Tendo en conta o seu vasto coñecemento tanto da lingua coma da situación social do galego, Kabatek está nunha situación de privilexio para realizar traballos de síntese e de divulgación en diferentes obras internacionais. Desta maneira, seu é o capítulo dedicado ao galego no libro *Minderheiten- und Regionalsprachen in Europa,* publicado en Alemaña (Kabatek 2000b), así como o capítulo de historia interna da lingua galega no manual *Romanische Sprachgeschichte,* elaborado conxuntamente con

BDD-A26266 © 2017 Editura Universităţii din Suceava
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.42 (2026-11-15 20:51:24 UTC)

Ildikó Szijj, profesora da Universidade de Budapest que fora compañeira súa naqueles primeiros cursos de lingua e cultura galegas (Szijj & Kabatek 2008). Tamén é da súa autoría o capítulo dedicado á situación lingüística en Galicia publicado máis recentemente no volume *Weltsprache Spanisch* (Kabatek 2013). Aínda pendente de publicación está un capítulo seu sobre lingua falada e lingua escrita no *Handbook of Galician Linguistics* que se aparecerá proximamente (Kabatek, no prelo-c).

Tamén a actividade de divulgación e difusión da lingua e da lingüística galega foi intensa en todos estes anos, dirixida á comunidade académica de fala alemá, fundamentalmente. Así, sucedéronse varios traballos sobre a situación, interese e perspectivas dos estudos de lingüística galega nas universidades alemás, dirixidos á comunidade de profesores e investigadores en lusitanística, hispanística e romanística (p.e. Kabatek 1998d), así como outros orientados ao ámbito dos estudos galegos (p.e. Kabatek 1997e).

Estas actividades estiveron sempre acompañadas de iniciativas e actuacións destinadas a poñer en contacto coa situación lingüística de Galicia o alumnado de romanística das universidades alemás en que foi profesor. Estas actividades tiveron especial importancia durante a súa estadía na Universidade de Tübingen, onde puxo en marcha e dirixiu un Centro de Estudos Galegos e levou a cabo gran número de iniciativas, e teñen continuidade no presente desde a Universidade de Zürich, con viaxes de estudo a Galicia co seu alumnado, colaboracións con cursos organizados en Galicia, e outras diversas e numerosas iniciativas.

6. Conclusións

Ao longo da súa carreira como investigador, e ata o momento presente, poden seguirse varias liñas de continuidade que estruturan e dan sentido e coherencia á obra de investigación do Profesor Johannes Kabatek. Neste traballo de revisión historiográfica quixen mostrar que varias delas nacen e se desenvolven a partir dos seus primeiros traballos, que se centraron nas dinámicas dunha lingua románica menor (ou minorizada). Mais coa súa obra demostrou que, precisamente este tipo de situacións lingüísticas son un terreo fértil para a observación de dinámicas, cambios e mudanzas, un verdadeiro laboratorio lingüístico que pode resultar extraordinariamente interesante para a investigación sociolingüística, e para a lingüística en xeral.

A partir da concepción da lingua do seu mestre Eugenio Coseriu, e no ronsel de ideas provenientes dos fundadores da lingüística moderna (especialmente Wilhelm von Humboldt), vai abrindo e desenvolvendo liñas de traballo sobre dinámicas lingüísticas complexas, que comprenden a variación interna da lingua, o contacto de linguas e de variedades (variedades estándar, variedades populares, variedades "híbridas"...), e sempre coas persoas falantes situadas no centro do escenario, como axentes e xestoras das dinámicas lingüísticas, sometidas a prexuízos e ideoloxías sociais e persoais, efectuando xuízos e valoracións metalingüísticas.

A idea das persoas como xestoras dos repertorios lingüísticos de que dispoñen para conseguir finalidades determinadas, ou de que o lugar do cambio é a

BDD-A26266 © 2017 Editura Universităţii din Suceava
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.42 (2026-11-15 20:51:24 UTC)

interacción lingüística (Kabatek, no prelo-a), baséanse nas ideas de Coseriu sobre o cambio lingüístico: "[la] lengua [...] no *está hecha* sino que *se hace* continuamente por la actividad lingüística concreta: no es 'ἔργον, sino 'ενέργεια" (Coseriu 1978: 30). Curiosamente a sociolingüística norteamericana parece que "redescubriu" estes principios, particularmente en traballos coma o de Labov sobre Martha's Vineyard (Labov 1963) ou no que Eckert (2012) denomina "third wave of sociolinguistics". O traballo de Kabatek ten en común con esta corrente, anticipándose a ela, o feito de cambiar o foco dos dialectos (variedades diatópicas e diastráticas) aos estilos (variación diafásica), e sobre todo o feito de situar o foco en como as persoas xestionan esas variables nos seus actos de fala. Os seus traballos son, por tanto, innovadores non só no que se refire á lingua galega, senón á romanística e na lingüística xeral.

Combinado con estes intereses científicos está o seu interese persoal pola lingua galega e a preocupación expresada numerosas veces polo seu futuro. Ese interese e compromiso exprésao por veces como falante galego, un falante de extraordinaria competencia lingüística e metalingüística. Mais tamén como lingüista, como o fixo no congreso internacional sobre lingua galega en Santiago de Compostela en 1996, onde formulou ambiciosas propostas (Kabatek 2004b) para as que a comunidade científica que traballa sobre lingua galega estaba mal equipada, e por tanto foron pouco seguidas, aínda que en tempos recentes están a recobrar interese.

En conxunto, e visto en perspectiva, pode sosterse que Kabatek mostra nos seus traballos como a lingüística románica está a fundirse coa lingüística xeral en terreos coma as dinámicas lingüísticas e a sociolingüística interaccional, mais tamén que ten recursos, métodos e posibilidades propias que enriquecen a análise a abren posibilidades de poder conciliar as perspectivas micro (a interacción dos falantes, a súa xestión dos repertorios lingüísticos) e as perspectivas macro (as tradicións discursivas, as linguas históricas). Nese sentido, e probablemente en varios outros, Kabatek fixo e está a facer unha contribución de primeira orde ao desenvolvemento e á renovación da lingüística románica, facendo que sexa significativa e relevante para o estudo das linguas nas sociedades actuais.

REFERENCIAS

Bochmann, Klaus, 1983, "En torno al problema de la normalización del gallego contemporáneo", *Linguistische Arbeitsberichte* 40, p. 2-15

Castillo-Lluch, Mónica & Johannes Kabatek (eds.), 2006, *Las lenguas de España. Política lingüística, sociología del lenguaje e ideología desde la Transición hasta la actualidad*, Madrid, Iberoamericana / Frankfurt am Main: Vervuert

Coseriu, Eugenio, 1978[3], *Sincronía, diacronía e historia. El problema del cambio lingüístico*, Madrid, Gredos.

Coseriu, Eugenio, 1987, "El gallego y sus problemas: Reflexiones frías sobre un tema candente". *Lingüística Española Actual* 9, 1, p. 127-138

Dworkin, Steven N. (ed.), 2003, *La Corónica* 32, 2 (Critical cluster on "Historical Romance linguistics: the death of a discipline?")

BDD-A26266 © 2017 Editura Universităţii din Suceava
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.42 (2026-11-15 20:51:24 UTC)

Ebeling, Walter, 1932, "Die landwirtschaftliche Geräte im Osten der Provinz Lugo (Spanien). Sach- und wortkundliche Untersuchungen", *Volkstum und Kultur der Romanen* 5, p. 50-151
Eckert, Penelope, 2012, "Three waves of variation study: the emergence of meaning in the study of sociolinguistic variation", *Annual Review of Anthropology* 41, p. 87-100
Esser, Ursula, 1990, *Die Entwicklung des Galizischen zur modernen Kultursprache: Eine Fallstudie zur aktuellen Sprachplanung*, Bonn, Romanistischer Verlag
Herrmann, Ulf, 1990, *Das Galicische: Studien zur Geschichte und heutigen Situation des Galicischen*, Frankfurt am Main, Domus Editoria Europeae, 1990
Kabatek, Johannes, 1991a, *Gemeinsprache und Standard in Galicischen*, Magiterarbeit, Univ. Tübingen
Kabatek, Johannes, 1991b, "Interferencias entre galego e castelán: problemas do galego estándar", *Cadernos de Lingua* 4, p. 39-48
Kabatek, Johannes, 1992a, "O príncipe Louis Lucien Bonaparte: precursor da lingüística galega", *Cadernos de Lingua* 6, p. 5-26
Kabatek, Johannes, 1992b, "Der Normenstreit in Galicien: Versuch einer Erklärung", *Lusorama* 18, p. 65-83
Kabatek, Johannes, 1993, "Louis Lucien Bonaparte und das Galicische", in Johannes Kabatek & Axel Schönberger (Hrsg.), *Akten des 2. gemeinsamen Kolloquiums der deutschsprachigen Lusitanistik und Katalanistik*, Bd I*: Sprache, Literatur und Kultur Galiciens.* Frankfurt am Main: Domus Editoria Europeae, p. 85-109
Kabatek, Johannes, 1994a, "Galego escrito e lingua común na segunda metade do século XX", *Grial* 122, p. 157-179
Kabatek, Johannes, 1994b, "Variedades lingüísticas e competencia comunicativa", *Cadernos de Lingua* 10, p. 7-18
Kabatek, Johannes, 1996, *Die Sprecher als Linguisten. Interferenz- und Sprachwandelphänomene dargestellt am Galicischen der Gegenwart*, Tübingen, Niemeyer
Kabatek, Johannes, 1997a, "The koineization process of contemporary Galician as a field for the study of language change", in Benigno Fernández Salgado (ed.): *Proceedings of the 4th International Conference on Galician Studies.* Vol. 1. Oxford, Centre for Galician Studies, p. 163-178
Kabatek, Johannes, 1997b, "*Dime cómo hablas y te diré quién eres*. Mezcla de lenguas y posicionamiento social", *Revista de Antropología Social* 6, p. 215-236
Kabatek, Johannes, 1997c, "Zur Typologie sprachlicher Interferenzen", in Wolfgang Moelleken & Peter Weber (Hrsg.): *Neuere Forschungsarbeiten zur Kontaktlinguistik*, Bonn, Dümmler, p. 232-241
Kabatek, Johannes, 1997d, "Strengthening identity: differentiation and change in contemporary Galician", in Jenny Cheshire & Dieter Stein (eds.), *Taming the vernacular. From dialect to written standard language*, London / New York, Longman, p. 185-199
Kabatek, Johannes, 1997e, "Os estudios sobre lingua galega en Alemaña", *Galicien Magazin* 3, 9-11
Kabatek, Johannes, 1998a, "I parlanti come linguisti: interferenza e metalinguaggio nel galiziano attuale", in *Atti del XXI Congresso Internazionale di Linguistica e Filologia Romanza*, Vol. 5. Tübingen, Niemeyer, p. 401-410
Kabatek, Johannes, 1998b, "Traducción e interferencia", in Dieter Kremer (ed.): *Homenaxe a Ramón Lorenzo.* Vol. 2, Vigo, Galaxia, p. 843-850
Kabatek, Johannes 1998c, "The mother tongue as second language: strategies of linguistic integration", in José Manuel Oro Cabanas & Jesús Varela Zapata (eds.): *Diálogo de culturas.* Santiago de Compostela: Universidade, p. 57-70
Kabatek, Johannes, 1998d, "Das Galicische in der deutschsprachigen Romanistik in Forschung, Lehre und Institutionen", in Dietrich Briesemeister & Axel Schönberger (Hrsg.), *Bestandsaufnahme und Zukunftsperspektiven der deutschsprachigen Lusitanistik: Standpunkte und Thesen*, Frankfurt am Main: TFM, p. 307-316.
Kabatek, Johannes, 2000a, *Os falantes como lingüistas. Tradición, innovación e interferencias no galego actual*, Vigo, Xerais

BDD-A26266 © 2017 Editura Universităţii din Suceava
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.42 (2026-11-15 20:51:24 UTC)

Kabatek, Johannes, 2000b, "Galicisch", in Jan Wirrer (Hrsg.), *Minderheiten- und Regionalsprachen in Europa*, Opladen, Westdeutscher, p. 284-295

Kabatek, Johannes, 2003a, "La lingüística románica histórica: tradición e innovación en una disciplina viva", *La Corónica* 31, 2, p. 35-40

Kabatek, Johannes, 2003b, "What Variational Linguistics can learn from Galician". *Estudios de Sociolingüística* 3,2 / 4,1, 2002/2003, p. 343-358

Kabatek, Johannes, 2004a, "A diferenciación diafásica do galego actual", in Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei & Antón Santamarina (eds.), *A lingua galega: Historia e actualidade. Actas do 1º congreso internacional*, Vol. 2. Santiago de Compostela, ILG / CCG, p. 379-388

Kabatek, Johannes, 2004b, "Situación e perspectivas da sociolingüística galega", in Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei & Antón Santamarina (eds.): *A lingua galega: Historia e actualidade. Actas do 1º congreso internacional.* Vol. 2, Santiago de Compostela, ILG / CCG, p. 142-152

Kabatek, Johannes, 2005, "Über Trampelpfade, sichtbare Hände und Sprachwandelprozesse", in Thomas Stehl (Hrsg.): *Unsichtbare Hand und Sprecherwahl. Typologie und Prozesse des Sprachwandels in der Romania*, Tübingen, Narr, p. 155-174

Kabatek, Johannes, 2009, "Fontes e contexto europeo da lingüística segundo Amor Ruibal", in Andrés Torres Queiruga, Antonio Domínguez Rei & Pablo Cano López (eds.), *Amor Ruibal, Filólogo*, Santiago de Compostela, CCG, p. 193-217

Kabatek, Johannes, 2012, "Galicien", in Sandra Herling & Carolin Patzelt (Hrsg.), *Weltsprache Spanisch. Variation, Soziolinguistik und geographische Verbreitung des Spanischen*, Stuttgart, Ibidem, p. 165-179

Kabatek, Johannes, 2013, "Modelos matemáticos e substitución lingüística", *Estudos de Lingüística Galega* 4, p. 27-43

Kabatek, Johannes, no prelo-a, "Dez teses sobre o cambio lingüístico (e unha nota sobre o galego)", in Xosé Luís Regueira & Elisa Fernández Rei (eds.): *Estudos sobre o cambio lingüístico no galego actual*, Santiago de Compostela, ILG / CCG.

Kabatek, Johannes no prelo-b, "The *Irmandades da Fala* in the context of languages and nationalities in Europe around WWI".

Kabatek, Johannes no prelo-c, "Spoken and written language", in Ernesto González Seoane & Xulio Sousa (Hrsg.), *Manual of Galician linguistics*, Berlin / New York, De Gruyter.

Koch, Peter & Wulf Oesterreicher, 1985, "Sprache der Nähe - Sprache der Distanz. Mündlichkeit und Schriftlichkeit im Spannungsfeld von Sprachtheorie und Sprachgeschichte", *Romanistisches Jahrbuch* 36, p. 15-43

Krüger, Fritz, 1925, *Die Gegenstandskultur Sanabrias und seiner Nachbargebiete. Ein Beitrag zur spanischen und portugiesischen Volkskunde*. Hamburg: L. Friederichsen & Co

Krüger, Fritz, 1927, "Die nordwestiberische Volkskultur". *Wörter und Sachen* 10, p. 45-137 [Trad. esp. de E. Lorenzo y Criado: *El léxico rural del noroeste ibérico*, Anexo 26 de *RFE*, Madrid, [1947]

Labov, William, 1963, "The social motivation of a sound change", *Word* 19, p. 273-309

Meier, Harri, 1977, "Galizische Etymologien" , *Verba* 4, p. 19-26

Meier, Harri, 1982, "La posición del gallego en la etimología románica", in Dieter Kremer & Ramón Lorenzo (eds.), *Tradición, actualidade e futuro do galego. Actas do Coloquio de Tréveris.* Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, p. 99-108

Piel, Joseph M., 1953, *Miscelânea de etimologia portuguesa e galega*. Coimbra: Universidade

Piel, Joseph M., 1971, "Neue Beiträge zur galicisch-westgotischen Toponomastik", in Eugenio Coseriu & Wolf Dieter Stempel (eds.), *Sprache und Geschichte. Festschrift für Harri Meier zum 65. Geburtstag.* München, Wilhelm Fink, p. 373-401

Piel, Joseph-M., 1976, "Uma antiga latinidade vulgar galaica reflectida no léxico comum e toponímico de Entre-Douro-e-Minho e Galiza", *Revista Portuguesa de Filologia* 17, 1-2, 1975/1976, p. 387-395

BDD-A26266 © 2017 Editura Universităţii din Suceava
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.42 (2026-11-15 20:51:24 UTC)

Piel, Joseph M., 1984, "Novíssimas achegas à história da tradiçâo antropo-toponomástica mais antiga latina no Noroeste galaico", *Verba* 11, p. 5-24

Regueira, Xosé Luís, 1991, "A contribución alemana á lingüística galega", in Mercedes Brea & Francisco Fernández Rei (eds.): *Homenaxe ó profesor Constantino García*. Vol. 2, Santiago de Compostela, Universidade, p. 155-178

Schneider, Hans-Karl, 1938, "Studien zum Galizischen des Limiabeckens (Orense - Spanien)", *Volkstum und Kultur der Romanen* 11, 69-145, p. 193-281

Schroeder, W., 1937, "Die Fischerboote von Finisterre", *Volkstum und Kultur der Romanen* 10, p. 157-211

Szijj, Ildikó & Johannes Kabatek, 2008, "Gallego: historia interna", in Gerhard Ernst et al. (Hrsg.), *Romanische Sprachgeschichte. Ein internationales Handbuch zur Geschichte der romanischen Sprachen / Histoire linguistique de la Romania. Manuel international d'histoire linguistique de la Romania*, Bd. 3, Berlin / New York, De Gruyter, p. 3152-3168

BDD-A26266 © 2017 Editura Universităţii din Suceava
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.42 (2026-11-15 20:51:24 UTC)